



Deputación
DA CORUÑA

Nº 3
07.06.201
7

Boletín de Medio Ambiente

Fervenza do Ézaro

Concello: Dumbría

Horario: Aberto 24 horas. Os sábados e as vésperas de festivos entre o 21 de Xuño e 21 de Setembro a fervenza está iluminada de 23:00 a 0:00.

Características: É o único río de Europa que desemboca así sobre o mar.

A fervenza está repleta de lendas sobre princesas, poderes sobrenaturais, encantamentos, rituais...



Noticias

O Parque de Corrubedo cumpre 25 anos

O pasado cinco de xuño cumpríronse 25 anos da declaración do Parque Natural de Corrubedo.

Para conmemorar esa efeméride, a Xunta encargou á empresa *Aporta Comunicación* a organización dunha exposición que repasará non só a historia da creación do devandito parque e os seus principais valores ambientais, senón tamén os momentos históricos máis relevantes relacionados con este espazo e as actividades máis destacadas levadas a cabo.

A exposición expuxo, unha viaxe cronolóxica ao longo destes 25 anos a través de paneis, fotografías ou portadas de xornais.

Fonte: El Correo Gallego

Cal é a árbore máis alta do mundo?

É o "Hyperión", unha árbore orixinaria de California pertencente á familia das Secoias. Trátase dunha *Sequoia Sempervirens*, especie que foi descuberta en 2006 por dous excursionistas no *Parque Nacional Redwood*, ao norte de San Francisco.

O nome débese á mitoloxía grega, onde un dos fillos de Gea (deusa da Terra) e Urano (deus do Ceo), representaba ao Titán máis alto de todos: "Hyperión" (que significa "o que mira desde arriba"). É máis de 20 metros máis alto que a estatua da liberdade de Nova Iorque. Mide 115,55 metros de altura e non para de crecer. Na sombra desta magnífica árbore caben unhas 500 persoas.

Fonte: Muy Interesante

Combustibles fósiles sen emisións contaminantes

É posible un mundo sen emisións de CO₂? Unha nova planta de enerxía de combustibles fósiles móstrase como unha solución potencial ás enormes pegadas de gases de efecto invernadoiro. Posúe unha turbina e un motor de combustión, pero hai unha cousa que non necesita: chemineas.

A planta de demostración de 25 *megawatts* queimarán gas natural en osíxeno puro. O resultado: unha corrente de CO₂ case puro, que se pode canalizar e almacenar subterráneamente ou explotar en depósitos de petróleo esgotados para liberar máis petróleo. Sexa como for, o CO₂ non irá parar á atmosfera.

Os expertos no clima creen que unha estratexia como esta será necesaria para que o mundo poida avanzar na limitación do cambio climático.

Esperan producir enerxía libre de emisións por ao redor de 0.06 dólares por *quilowatt*-hora, máis barato que a maioría das enerxías renovables.

Se o prototipo avanza como se espera, afirman que continuarán cunha planta de 300 *megawatts* a gran escala, suficiente para dar enerxía a máis de 200.000 fogares.

Fonte: Science

O dentífrico perigoso para o medio ambiente

As micropartículas de plástico, eses puntinhos azuis que están nalgúns dentífricos e cosméticos, están a ser revisadas e prohibidas por varios países. Billóns destas micropartículas terminan cada ano no mar e outras vías acuáticas. Poden ser ingeridas por organismos mariños e producilles danos no aparello dixestivo ou mesmo, neurolóxicos.

Fonte: BBC

O pasado fin de semana celebrouse o Día do Medio Ambiente nas localidades de Serra de Barbanza

Aproveitaron este fin de semana para celebrar o Día do Medio Ambiente tendo como eixos principais a protección dos animais e a posta en valor dos produtos ecolóxicos.

Os xardíns Valle-Inclán da Pobra deron cabida desde o venres ata o domingo a unha feira promovida pola protectora *Arca*, na que doce colectivos animalistas e ecolóxicos exhibiron e venderon os seus produtos, buscando sensibilizar á poboación e recadar fondos.

Similar foi o mercado que se instalou na Alameda de Noia, onde o protagonismo foi para os alimentos ecolóxicos, a artesanía e os produtos reciclados.

E noutro recuncho de Noia os protagonistas foron os animais, varios cans participaron nunha exhibición, que reuniu a un bo número de espectadores, e tiña coma obxectivo sensibilizar á poboación sobre o coidado das mascotas.

Fonte: La Voz de Galicia

¿Sabías que...

si pos un ventilador á beira do aire acondicionado o consumo de enerxía será moito menor? Posto que así distribúes o frescor por toda a estancia e permíteche baixar a potencia. Xa sabes, agora que chega o verán, ¡aforra enerxía!

XUNTA DE GALICIA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Subvencións para auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e hoteleiro</u>	a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector hoteleiro ou da industria. Tamén serán subvencionables as actividades contidas no IAE que se correspondan con estas seccións da CNAE 2009. b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.	25/05/2017 - 06/07/2017
<u>Axuda do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns</u>	Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dous ou máis vivendas.	16/03/2017 - 01/09/2017
<u>Proxectos de instalacións de fotovoltáicas nas comunidades de propietarios</u>	As comunidades de propietarios/as que leven a cabo as instalacións fotovoltáicas establecidas no artigo 5 destas bases nas vivendas en que sexan titulares da subministración eléctrica e que estean dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.	10/05/2017 - 09/06/2017
<u>Axuda do IGAPE para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020</u>	Pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº651/2014	18/04/2017 - 20/06/2017

GOBERNO DE ESPAÑA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia non competitiva, para a cofinanciación de proxectos apoiados polo programa LIFE no ámbito da biodiversidade 2017.</u>	Entidades e organizacións sen ánimo de lucro con sede en España, legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente. Organismos públicos de investigación, universidades públicas, corporacións de dereito público profesionais, Administracións Públicas, entidades locais e entidades mercantís.	15/03/2017 - 16/10/2017
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade marina e litoral 2017.</u>		15/03/2017 - 30/06/2017

UNIÓN EUROPEA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Acción polo Clima 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Medio Ambiente e Eficiencia Enerxética 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 12/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Natureza e Biodiversidade, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Gobernanza e Información Medioambiental, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Axudas para a Eficiencia Enerxética, baixo o programa Horizonte 2020</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	25/01/2017 - 07/06/2017
<u>Axudas para Enerxías con baixas emisións de carbono 2017, baixo o programa Horizonte 2020.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	14/10/2015 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos integrados para o Medio Ambiente e a Acción polo Clima, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 26/09/2017

Boas Prácticas

A Coruña, Oleiros, Culleredo e Santiago entre os concellos que máis reciclan de Galicia

Santiago lidera a clasificación autonómica con 53,6 quilos reciclados por habitante. Entre o seis primeiros atópase tamén A Coruña, con 41,6 quilos por veciño, no terceiro posto; Narón, o cuarto, con 41,4; Oleiros, quinto, con 41,2, e Culleredo, sexto, con 39,1.

Fonte: La Opinión A Coruña

Non só as ONG loitan contra o cambio climático

Hai quen investiga vías alternativas e apostan por manipular o clima e o ecosistema con avanzadas tecnoloxías para mitigar as causas e consecuencias do quecemento global.

Por exemplo, o proxecto *A-Tempo* impulsado pola Universidade da Coruña pretende multiplicar as vías de negocio, no sector da enxeñería naval, pois o derrame de petróleo na auga provoca danos no sistema reprodutivo e de alimentación dos organismos do ecosistema mariño, por iso é polo que se necesita buscar solucións.

Tamén, unha solución fronte ao impacto paisaxístico dos muíños de vento propón a empresa francesa NewWind, creadora de Wind Tree: unha turbina eólica que se camufla, grazas á súa forma, entre as árbores urbanas. Cada folla funciona como un pequeno aeroxerador.

Outro exemplo de innovación é a investigación, posto que é moi importante coñecer a terra, o seu estado e a súa evolución.

Fonte: El País

Qué fas ti polo medio ambiente?

Pódese “preciclar”, que consiste en evitar residuos. En Suecia, as farmacias reciben gratis os envases dos medicamentos vendidos, para que sexan incinerados en plantas xeradoras de enerxía.

Tamén se pode aforrar enerxía, xa non só en calefacción, que é o máis popular senón tamén a auga. Con pequenos xestos no ámbito doméstico: simplemente cambiando a cabeza da ducha por unha de fluxo reducido aforrarás auga.

Ou fomentar o uso de vehículos eléctricos, España é o cuarto país de Europa que máis vehículos eléctricos usa, imos por bo camiño.

Fonte: El País

Cidades intelixentes para coidar o medio ambiente

A multinacional *Panasonic* está a traballar nun proxecto en Berlín para construír un complexo de 69 *smart homes*.

O barrio conta con células solares da compañía nipoa para abastecer con enerxía renovable as baterías onde se almacena. Contan con tecnoloxía para a calefacción, refrixeración e ventilación da enerxía de cada apartamento.

A súa finalidade é reducir nun 40% as emisións de CO₂ e reducir nun 30% o consumo de auga da comunidade. Inclúese en este proxecto placas fotovoltaicas, baterías de litio para o almacenamento, un equipo de aforro de enerxía ou iluminación led entre outros avances.

Fonte: El Mundo

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal